

5. ARTE E CULTURA DO SÉCULO XIX EN ESPAÑA

AS CORRENTES ARTÍSTICAS DO SÉCULO XIX



Romanticismo

É un movemento innovador, que trata de plasmar o **emotivo** e **irracional**. Así, aparecen temas que teñen que ver co **fantástico** e co **lendario**. Os artistas románticos cultivaron tamén o retrato de episodios históricos e costumistas. En pintura destacan **Federico Madrazo** e **José Casado del Alisal**; en literatura, **Mariano José de Larra**, **Gustavo Adolfo Bécquer**, **José de Espronceda** e **Rosalía de Castro**.

J. Casado del Alisal, *A campá de Huesca*.

Realismo

No último terzo do século XIX comezouse a desenvolver esta corrente artística que destaca polo **coidado do detalle** e a **observación minuciosa da realidade**. Entre os pintores realistas españois podemos mencionar a **Ramón Martí Alsina** e **Mariano Fortuny**. En canto á literatura, os autores realistas crearon obras con **contidos sociais**. Sobresaen **Emilia Pardo Bazán**, **Leopoldo Alas**, **Clarín**, e **Benito Pérez Galdós**.

M. Fortuny, *A vigairía*.



Impresionismo

A finais do século XIX comezouse a abrir paso esta nova forma de concibir a pintura, onde teñen especial protagonismo o **tratamento da luz** e a **pincelada solta**. Os principais pintores impresionistas españois son **Joaquín Sorolla** e **Joaquín Vayredá**.

J. Sorolla, *Pescadoras valencianas*.

Modernismo

A corrente artística do modernismo buscaba a **innovación** e a utilización de **novas técnicas**. Desenvolveuse no último cuarto do século XIX, sobre todo en Cataluña. Na pintura destacan **Santiago Rusiñol**, **Ramón Casas** e **Isidre Nonell**. Na arquitectura sobresaen, especialmente, **Antonio Gaudí**, que concedía importancia non só ao exterior dos seus edificios, senón tamén ao mobiliario e aos obxectos de decoración.

R. Casas, *Baile de tarde*.

